



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Bases reguladoras de participación nas actividades sociais maiores 55 anos, 2023/2024, e 2024/2025 e apertura prazo inscricións)

Logo de ver o informe proposta de bases reguladoras de participación nas actividades sociais para maiores de 55 anos 2023/2024 e 2024/2025 emitido pola técnica educadora social con data 13 de outubro de 2023.

En función das competencias atribuídas a esta alcaldía pola Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

RESOLVO:

Primeiro. -Aprobar as seguintes bases reguladoras para o programa de actividades sociais de maiores de 55 anos para o curso 2023/2024 e 2024/2025:

1.-Obxecto As actividades sociais dirixidas as persoas maiores de 55 anos, promovidas pola Concellería de Benestar Social e Igualdade, teñen como finalidade contribuir a un envellecemento saudable e fomentar a autonomía persoal, promovela participación e integración social das persoas, e previr situación de risco de exclusión social.

Para iso, desenvólvense diferentes actividades orientadas ao fomento da calidade de vida e autonomía persoal, ao fomento da creatividade e expresión artística e a participación social.

2. Destinatarios As actividades sociais están dirixidas as persoas que teñan cumpridos os 55 anos, e maiores desa idade. Excepcionalmente poderán participar persoas que, sin acadar a idade de 55 anos, sexan titulares do certificado de discapacidade e acrediten a través de informe médico, emitido por un profesional do Servizo Galego de Saúde, a idoneidade da actividade elixida.

Do mesmo xeito, tamén poderán participar persoas que se atopen nunha situación de risco ou exclusión social, previo informe favorable do/a técnico/a dos servizos sociais do concello.

3. Requisitos De xeito xeral, as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter 55 anos cumpridos o día anterior áo remate do prazo da solicitude (salvo excepcións recollidas no epígrafe anterior)
- Non ter débedas pendentes co concello de Sada pola participación nas actividades sociais de maiores de 55 anos en anteriores edicións.
- Terán preferencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva no concello de Sada.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

4. Temporalización e lugar de realización As actividades sociais para maiores de 55 anos desenvolveránse durante os meses de outubro a xuño (ambos inclusive) de cada ano. Haberá os seguintes periodos vacacionais:

- Nadal: do 22 de decembro ao 6 de xaneiro (ambos inclusive) - Entroido: Luns e martes de entroido segundo o calendario anual.

- Semana Santa: De luns a venres da semana santa correspondente segundo o calendario anual.

Lugar de realización do programa de actividades sociais: Centros municipais:

Local Social de Riobao (antigua cámara agraria)

Local anexo aos servizos sociais comunitarios (A Laguna 44, 4 baixo)

O concello de Sada reservase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, persoal laboral, etc., que se consideren necesarias, ou anular algunha actividade por motivos organizativos, así como incluír outras novas.

5. Forma de inscrición e prazo de presentación de solicitudes As solicitudes presentaranse nas oficinas do concello, no rexistro xeral ou a través da sede electrónica, ou en algún dos lugares sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, co modelo autorizado para tal fin.

Dito modelo (Anexo I) pode recollerse nesas oficinas e/ou nos servizos sociais do concello.

Deberanse cubrir todos os apartados, sendo imprescindible un teléfono de contacto. Unha vez rematado o prazo de inscrición publicarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as. A partir do día seguinte desta publicación, abrese un prazo de cinco días hábiles para posibles subsanacións ou reclamacións oportunas, no caso de non haber reclamación á lista provisional pasará a ser a lista definitiva.

6. Formalización da inscrición A formalización definitiva será mediante xustificante do pagamento do primeiro trimestre despois da publicación das listaxes de persoas que obtiveron praza, así como do prazo que disporán para a formalización da mesma. Abonando a cantidade de 15€ trimestrais, por cada una das actividades solicitadas nas que foi admitido/a. Nos casos nos que o inicio das actividades sexa posterior ao mes de outubro o pagamento será do período dende o mes de inicio ata o 31 de decembro. As persoas admitidas deberán realizar o pago do primeiro período mediante CARTA DE PAGAMENTO, que se poderá tramitar na Oficina Virtual Tributaria, (accedendo a páxina web do concello de Sada, sede electrónica, oficina virtual tributaria), ou no departamento de Tesourería do concello. Os servizos recaudatorios serán os encargados de realizar os cargos correspondentes na conta bancaria da persoa participante no segundo e terceiro trimestre A non formalización da inscrición neste prazo suporá a renuncia da praza, pasando o dereito ao seguinte da lista de agarda

7. Solicitudes fora de prazo Aquelas solicitudes presentadas de prazo (fora do proceso inicial), iranse incorporando á lista de agarda correspondente.

8. Proceso das listas de agarda Cando queden prazas vacantes, a través de vía telefónica, chamarase as persoas da lista de agarda, segundo a orde establecida na mesma, para a posibilidade de novas altas por trimestre. As persoas que acepten a praza deberán formalizar a mesma a través do ingreso Documentación electrónica asinada dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

correspondente e segundo o procedemento que se establece nestas. Se non fose posible contactar coa persoa pasarase ao seguinte da lista de agarda. A estes efectos só se darán novas altas por trimestre.

9. Prazas vacantes Ao longo do curso, a través da vía telefónica, informarase Sorteio público, programa de actividades e praza. Será necesario un mínimo de 7 participantes por grupo, para que se poida desenvolver a actividade. Na medida do posible, naquelas actividades onde a demanda sexa superior a oferta, cabe a posibilidade de creación de novos grupos. Cando a demanda sexa superior as prazas ofertadas, as prazas serán cubertas por sorteo público que se realizará unha vez sexa publicada a lista provisional e o período establecido para a subsanación de erros e/ou reclamacións. O programa inicial de actividades sociais para maiores de 55 anos inclúe as seguintes

- Reforzo da Memoria: 45 prazas en tres grupos de 15 persoas.
- Ximnasia Terapeutica: 60 prazas en catro grupos de 15 persoas.
- Tai-chi: 45 prazas en tres grupos de 15 persoas.
- Ioga: 45 prazas en tres grupos de 15 persoas.
- Pintura: 30 prazas en dous grupos de 15 persoas.
- Restauración: 15 prazas en un grupo

A duración de cada actividade e de dúas horas. Na medida do posible os horarios de cada actividades serán segundo os establecidos no curso anterior. Cada persoa podera solicitar ata tres actividades diferentes, pero tan so nun horario/grupo de cada unha delas. É dicir, non podera solicitarse participar en mais dun horario da mesma actividade.

10. Prezos e períodos de pagamento Os prezos de aplicación para o programa de actividades sociais de maiores de 55 anos serán os establecidos no prezo público para actividades sociais dirixidas a persoas maiores de 55 anos, correspondendo 5.00 euros mensuais por actividade. Establecense tres pagos por cada actividade ao longo do período do programa, o primeiro pago será o correspondente dende o mes de inicio da actividade ata o 31 de decembro e dous pagos correspondentes aos dous trimestres seguintes, Xunto co impreso de solicitude debidamente cuberto, deberá presentarse o documento de designación da conta bancaria, selado pola entidade bancaria ou vir acompañado do certificado da conta cliente, proporcionado pola entidade bancaria (non será válido un recibo bancario nin a copia da cartilla). En caso de querer cambiar os datos de domiciliación da conta bancaria durante o curso deberán entregar no rexistro xeral do concello unha solicitude de cambio de datos aportando o novo documento de designación da conta bancaria. O prazo para o cambio será máximo ata o día 15 do último mes do trimestre anterior para o que se solicite o cambio. Cabe a posibilidade de exención de pago das cotas, cando se trate dunha situación de risco e/ou exclusión social, valorada técnicamente a través do correspondente informe dos servizos sociais e co visto e prace da concelleira.

11. Baixa na actividade. A baixa na actividade deberá presentarse no rexistro oficial do concello, mediante o modelo de baixa correspondente (Anexo II), máximo ata o día 15 do último mes do trimestre para que surxa efecto. En Sada, na data e sinatura electrónica.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Segundo.- Acórdase apertura de prazo para presentación de solicitudes de inscrición por 5 días hábiles, que abrangueran do día **16 de outubro ao día 20 de outubro (ambos inclusive)**.

Dado o erro en anuncio de apertura de prazo na web municipal entre os días 1 e 12 de outubro, acórdase a validez de todas as solicitudes que foran presentadas dende o día 1 de outubro, data erróneamente publicitada, ata o fin do prazo agora aperturado, 20 de outubro.

Terceiro.-Dease publicidade á presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde Benito Portela Fernández, sustituta Rebeca Mouriño, e a secretaria Carmen Seoane Bouzas.